



MEMORIA

*EXCMO. COLEXIO OFICIAL
DE GRADUADOS SOCIAIS
DA CORUÑA E OURENSE*

2017



SUMARIO

1.- PRESENTACIÓN

2.- COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO

3.- XUNTA XERAL E XUNTA DE GOBERNO

- 3.1. ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2017
- 3.2. REUNIÓN DE TRABALLO DA XUNTA DE GOBERNO
- 3.3. XURA OU PROMESA PROFESIONAL
- 3.4. CEA DE CONFRATERNIDADE
- 3.5. NOVOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN

4.- INFORME DE SECRETARÍA

5.- INFORME DE COMISIÓN

- 5.1. INFORME DE TESOURERÍA
- 5.2. COMISIÓN ÉTICA E HONORARIOS PROFESIONAIS

6.- CURSOS E CONFERENCIAS

7.- SERVICIO GRATUÍTO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO-LABORAL

8.- ACTIVIDADES LÚDICAS

- 8.1.- IX CONCURSO INFANTIL DE DEBUXO

9.- CENSO DE COLEXIADOS

10. - NOTAS DE PRENSA

XUNTA DE GOBERNO



PRESIDENTA
Ilma. Sra. D.ª Susana Soneira Lema

Comisión Permanente



VICEPRESIDENTE 1.º
D. Alejandro Pérez Otero



SECRETARIO XERAL
D. Manuel Vázquez Regueira



VICESECRETARIO
D. Jesús Vázquez Conde



TESOUREIRA
D.ª Lucía Sanjurjo López



CONTADOR-INTERVENTOR
D. Eduardo López Ameijeiras

VOGAIS



VOGAL EXERCENTE
D. Roberto Barros López



VOGAL EXERCENTE
D. Cándido Sanisidro López



VOGAL EXERCENTE
D. José M.ª Santiago García



VOGAL NON EXERCENTE
D.ª Olga Ruiz Rodríguez

SAÚDA

Un ano máis, tentando sintetizar toda a actividade colexial nunha memoria, que resuma o ano 2017 da nosa corporación, quero destacar os compromisos e proxectos da Xunta de Goberno que presido.

Durante este ano que finalizou, mantivemos a premisa de que unha boa formación é a base dun bo traballo e por iso os nosos cursos e conferencias estiveron orientado a temas de actualidade para consolidar o noso colectivo ante as institucións, empresarios, autónomos, traballadores e sociedade en xeral.

Un dos obxectivos desta Xunta, é a potenciación do Servizo de Orientación Xurídico Laboral, que foi presentado, a nivel local, ante diversas institucións, na que debemos destacar a excelente acollida por parte do Concello da Coruña, que desde un primeiro momento, considerouno un servizo esencial. Aproveito este momento para solicitar a vosa colaboración e así cubrir a demanda que poderá xerar.

O próximo ano será o de consolidación; facéndose extensivo a todas as institucións do ámbito provincial do noso Colexio, xa que consideramos que é un proxecto necesario e imprescindible, que permite o acceso, en materia laboral e de Seguridade Social, a todas as persoas, en particular, a aquelas con escasos recursos económicos.

Así mesmo, seguimos mantido un forte vínculo coas facultades da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, para garantir a transición dos recentemente titulados ao mundo xurídico laboral a través da colegiación; para iso, entre outras intervencións, destacamos a II Edición do Máster Práctico en Xurisdición Social, que realizamos en colaboración coa Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña.

Realizamos novamente o acto de Xura ou Promesa de novos colexiados, dotándoo da solemnidade que se merece ao desenvolverse no incomparable marco do TSXG. Baixo a presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Cadenas Sobreira, e acompañados do Presidente do noso Consello Xeral, o Excmo. Sr. D. Francisco Javier San Martín Rodríguez. A continuación, como vén sendo habitual, celebramos a Cea de Confraternidade; un acto de irmandade entre colexiados, institucións e empresas colaboradoras co noso colectivo, que xa é un referente entre os compañeiros e na que cada ano contamos con máis asistentes.

Seguimos apostando para que todas as nosas actuacións e eventos teñan a súa repercusión en prensa, xa que somos conscientes que o noso colectivo debe estar máis visible ante a sociedade.

Finalmente quero agradecer, como non pode ser doutra maneira, a dedicación de todos os meus compañeiros da Xunta de Goberno e do persoal do Colexio, para que os proxectos e actividades que se van xestando cheguen a termo de forma exitosa. Sen eles, todo isto non podería levar a efecto.

Agradecendo tamén o voso apoio, recibide un afectuoso saúdo



Susana Soneira Lema
PRESIDENTA

3

**XUNTA XERAL E
XUNTA DE GOBERNO****3.1 ASEMBLEA
XERAL ORDINARIA**

O día 29 de marzo, celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria, dando cumprimento ao disposto nos artigos núm. 45 e 54 dos Estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

O acto comezou coa benvida por parte do Secretario, D. Manuel Vázquez Regueira que procede á lectura do acta da Asemblea Ordinaria celebrada o 30 de marzo de 2016 e da extraordinaria celebrada o 11 de abril, que son aprobadas por unanimidade; a continuación preséntase a Memoria Anual do ano 2016 que é comentada nalgún dos seus puntos, sendo aprobada tamén por unanimidade.

No punto terceiro da orde do día, a Tesoureira D.^a Lucía Sanjurjo López, explica a todos os asistentes o balance e as contas anuais de ingresos e gastos e presenta o orzamento para o exercicio 2017, que tamén é aprobado.

Seguidamente, toma a palabra a Presidenta para expoñer os actos e o desenvolvemento do Colexio durante o exercicio 2016 e informar, así mesmo, das situación na que se atopan as xestións realizadas en prol dos intereses dos colexiados.



Finaliza o acto coa intervención dalgún dos asistentes ao acto e o agradecemento por parte da Presidenta.

**3.2 REUNIÓN DE
TRABALLO DA
XUNTA DE GOBERNO**

A Xunta de Goberno celebrou diversas reunións durante o ano 2017, nas que se trataron os asuntos propios que afectan á profesión, propostas aos plenos do Consello Xeral, organización da marcha colexial, aprobación de expedientes de incorporación de novos colexiados, organización de visitas institucionais, etc.. Pola súa banda, a presidenta D.^a Susana Soneira Lema, asistiu aos Plenos apuntados a continuación, como Vogal Nato do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España.

REUNIÓN XUNTA DE GOBERNO

08 de febreiro de 2017	27 de xullo de 2017
15 de marzo de 2017	19 de setembro de 2017
26 de abril de 2017	23 de outubro de 2017
30 de maio de 2017	22 de novembro de 2017
28 de xuño de 2017	20 de decembro de 2017

PLENOS DO CONSELLO

24 de febreiro de 2017 en Madrid

21 de abril de 2017 en Madrid

15 de decembro de 2017 en Madrid

Tamén se mantiveron diversos actos institucionais e reunións de traballo para un mellor avance e funcionamento da profesión, así como a asistencia a actos conmemorativos entre as que destacamos os seguintes.

FEBREIRO**ENTREGA DO "PREMIO MELLOR EXPEDIENTE ACADÉMICO" DA FACULTADE DE FERROL**

O día 21 de febreiro, de acordo co Convenio de Colaboración asinado entre esta Corporación e a Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol, fíxose entrega do "Premio ao mellor Expediente Académico", que nesta edición, recaeu na alumna D.^a Judit González López.

O acto estivo presidido polo Decano da Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol, D. Moisés Alberto García Núñez e por D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta deste Colexio, que con este motivo, fixo unha breve reflexión sobre as saídas profesionais dos Graduados Sociais e a importancia da colexiación. Tamén asistiron ao acto, D.^a Asunción López Arranz, Profesora da área do Dereito do Traballo e Seguridade Social da Facultade, D. Roberto Barros López, Vocal Exercente da Xunta de Goberno do Colexio e D. Celestino Vieites Sánchez, Xerente do mesmo.

MARZO**REUNIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

O venres 3 de marzo, unha representación da Xunta de Goberno do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense mantivo un encontro con D. José Luís García García, Deputado de Promoción Económica e Emprego. O encontro virou en torno ao servizo profesional gratuito de orientación xurídica laboral que ofrece o colexio a persoas sen recursos.



A cita finalizou co acordo entre o colexio e a Deputación para coordinar a prestación do servizo en todos os concellos da provincia. A idea é que a institución actúe como catalizador deste servizo xurídico gratuito. O encontro tivo lugar na sede da Deputación e contou coa presenza da Presidenta do Colexio, D.^a Susana Soneira Lema; D. Eduardo López Ameijeiras, Vicepresidente Segundo, e D. Cándido Sanisidro López, Vogal Exercente.

RECEPCIÓN DO ALCALDE DE MONFORTE DE LEMOS

O día 11 de marzo, e con motivo da reunión de Xuntas de Goberno dos Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Lugo, Pontevedra e A Coruña e Ourense, todos os asistentes foron recibidos no Concello de Monforte de Lemos polo Alcalde, D. José Tomé Roca e a 1.^a Tenente de alcalde, D.^a Gloria María Prada Rodríguez.

Ao encontro, ademais dos presidentes dos respectivos colexios, D. Manuel Núñez Carreira, D. Raúl Gómez Villaverde e D.^a Susana Soneira Lema asistiron unha representación das Xuntas de Goberno.

ABRIL**VISITA DOS PRESIDENTES DOS COLEXIOS DE BADAJOZ, LANZAROTE E SALAMANCA**

O venres día 31 de marzo, recibimos na nosa sede aos Presidentes D. Carlos Pobo Lorente, do Colexio de Graduados Sociais de Badaxoz, D.^a Carmen Rodríguez Rodríguez do Colexio de Lanzarote e D. Anxo Castela Curral do Colexio de Salamanca, que con motivo da súa visita á cidade, aproveitaron para coñecer nosas recentes instalacións.

A Presidenta desta Corporación, D.^a Susana Soneira Lema acompañada de D. Germán Prieto-Puga Somoza, mostráronlles as novas instalacións do Colexio.

HOMENAXE A D. FRANCISCO PILLADO MAIOR

O martes día 4 de abril, ás 12:00 horas, celebrouse na aula 1 da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, unha homenaxe a un antigo profesor do Centro e importante referente do Teatro Galego, D. Francisco Pillado Maior.

Ao evento, asistiu o Reitor da Universidade, D. Xullo E. Abalde Alonso, o Director da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, D. Jesús Vázquez Forno, e en representación deste Colexio, D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta e D. Jesús Vázquez Conde, Vocal Exercente da Xunta de Goberno.

ACTO DE XURA DOS NOVOS LETRADOS

O día 7 de abril de 2017, celebrouse no Palacio de Xustiza da Coruña, o acto de Xura/Promesa dos novos letrados da Administración de Xustiza.

Ao acto asistiu a Presidenta do Colexio, D.^a Susana Soneira Lema, en resposta á invitación formulada pola Secretaria de Goberno do TSJG, D.^a Concepción Otero Piñeiro. O acto estivo presidido polo Presidente do TSJG, o Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Cadenas Sobreira e contou tamén coa asistencia de D. Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo.

ACTO DE HOMENAXE A D. FRANCISCO PILLADO MAIOR, “REPUBLICANO DE HONRA 2017”

O 17 de abril, no Salón de Plenos do Pazo de María Pita, o xornalista, escritor e editor D. Francisco Pillado Maior, foi galardoado como “Republicano de Honra 2017”, recoñecemento outorgado pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña.

O acto de recepción, ao que asistiu a Presidenta do Colexio D.^a Susana Soneira Lema, estivo presidido por D. Xulio Ferreiro Baamonde, alcalde desta cidade, xunto con representantes da entidade memorística e concelleiras da corporación municipal.

MAIO**REUNIÓN PADROADO REITOR “FUNDACIÓN ESCOLA DE RELACIÓNS LABORAIS”**

O día 9 de maio celebrouse a reunión ordinaria do Padroado Reitor da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais “Xullo Portela Ceballos”.

Asistiron á mesma, D. José M.^a Botana, Presidente do Padroado, D.^a Susana Soneira Lema, Presi-



denta deste Colexio, D. Jesús Vázquez Forno, Director da Escola Universitaria de Relacións Laborais e D. Germán Prieto-Puga Somoza entre outros, para tratar a Orde do día cursada para o efecto.

XUÑO

XIV ASSEMBLEA NACIONAL DE GRADUADOS SOCIAIS E NOVA SEDE COLEXIO MADRID

Ao redor de cincocentos Graduados Sociais chegados de todas as Comunidades Autónomas de España déronse cita os días 1 e 2 de xuño, na XIV Asemblea Nacional de Graduados Sociais de España que inaugurou o Presidente do CGPJ, D. Carlos Lesmes, quen reivindicou o papel deste colectivo e a súa recente incorporación como operadores xurídicos.



O primeiro relatorio estivo a cargo de D. Javier San Martín que disertou sobre o papel dos Graduados Sociais e a evolución que tivo a profesión. O Presidente ofreceu varias pinceladas achega do futuro do colectivo e a importancia da cohesión para seguir reivindicando o seu papel.

A xornada continuou coa mesa redonda que abordou o funcionamento, composición, normativa e directrices da Comisión Permanente e o Pleno do Consello Xeral.

O segundo relatorio da Asemblea, co título de "Presente e

Futuro da Seguridade Social", estivo impartida por D. José Luis Tortuero quen afirmou que a mensaxe que se dá sobre a SS tende a ser catastrófica, xa que se apoia en argumentos do século XIX.

O catedrático de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade Complutense de Madrid, indicou que hai que reducir o factor de sustentabilidade de forma urxente ou en 2018 van precipitar as xubilacións anticipadas.

A sesión de tarde comezou coa mesa redonda 'Diferentes puntos de vista da profesión do Graduado Social' na que todos os participantes coincidiron en destacar a vocación e o orgullo de ser Graduado Social.

Na terceira mesa redonda, o director do Observatorio da Profesión de Graduado Social, o noso compañeiro e Expresidente D. Germán Prieto-Puga, adiantou os resultados da enquisa que se realizou. Das 300 primeiras enquisas analizadas despréndese que o 85% é Exercente libre e o 60% identifícase ante o cliente como Graduado Social.

A primeira Xornada terminou coa entrega do premio Francisco Vermello á gañadora desta edición, D.^a Amparo Sanchís, polo seu traballo titulado 'Problemas na Aplicación Práctica das Exclusiones da Protección por Incapacidade Temporal.- A cobertura de incapacidade temporal nos transplantes de órganos e cirurxía estética'. Foi destacado polo seu correcto fundamento, argumentación e achegas de gran interese.

Así mesmo, tamén se fixo entrega dun accésit a D. Samuel Aguilar Perdomo, colexiado de Madrid polo seu traballo "A responsabilidade Civil do Traballador, especial mención á responsabilidade por feito alleo e a acción de repetición'.

Despois da finalización da primeira xornada, o Ministro de Xustiza, o Excmo. Sr. D. Rafael Catalá, inaugurou na tarde do 1 de xuño a nova sede do Colexio de Graduados Sociais de Madrid, sita na rúa Arriaza, n.º 4 xunto co Presidente do Consello Xeral de Colexios de Graduados Sociais de España, Excmo. Sr D. Javier San Martín e a Presidenta do Colexio, Excmo. Sra. Dña. María Antonia Cruz Izquierdo, á que asistiron tamén D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta desta Corporación, D. Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 1.º, D. Manuel Vázquez Regueira, Secretario Xeral, e D. José M.^a Santiago García, D. Cándido Sanisidro López e D. Jesús Vázquez Conde, Vocais Exercentes da nosa Xunta de Goberno.

Durante a 2.ª Xornada celebrouse á primeira hora a Mesa Redonda que versou sobre "A Representación Técnica na Xurisdición Social" na que participou a D.^a Apolonia M.^a Julia Andreu, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Illes Balears, D. Carlos A. Bencomo González, Presidente do Colexio oficial de Graduados Sociais de Santa Cruz de



Tenerife, D. Rafael Hidalgo, Presidente de Colexio Oficial de Graduados Sociais de Sevilla, D. José Ruiz Sánchez, Director da Escola Alonso Olea e Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Murcia e D.^a Esther Urraca Fernández, Presidenta de Colexio Oficial de Graduados Sociais de Palencia e na que exerceu como presentador D. José Esteban Sánchez Montoya, Vogal do CGCOGSE e Presidente do Colexio Oficial de Gra-

duados Sociais de Granada.

A continuación D. Joaquin Merchán Bermejo, Vicepresidente 2.^º do CGCOGSE presenta a conferencia sobre “O Recurso de Casación”, na que intervén D. Sebastián Moralo Galego, Maxistrado Sala do social do Tribunal Supremo; Seguidamente celébrase a Mesa Redonda sobre “A compatibilidade da profesión de Graduado Social con outras profesións” presentada por D. D. Luís Martín de Uña, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Zamora, coas intervencións de D. Eladio Acevedo Heranz, Presidente do Ilustre Colexio Central de Titulares Mercantís, D. Fernando Jesús Santiago Oleiro, Presidente do Consello Xeral de Colexios de Xestores Administrativos de España, D. Manuel Álvarez- Buylia Ballesteros, Procurador de Madrid.

Tras unha breve pausa, dáse paso á Mesa Redonda sobre “O Dereito do Traballo en Europa. O Exercicio profesional na UE”, e na que a Presidenta deste Colexio, D.^a Susana Soneira Lema, impartiu unha conferencia maxistral, así catalogada de forma unánime polo Presidente do Consello Xeral e os alí presentes, na que destacou a progresión do recoñecemento das cualificacións profesionais por parte das institucións comunitarias, circunstancia que abre as posibilidades de competir e desenvolver a actividade profesional na Unión Europea. Tamén participaron D.^a María del Mar Ayala Andújar, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Almería, D. Ricardo Gabaldón Gabaldón, Vogal da Comisión Permanente do CGCOGSE, D. José Benjamín Beltrán Miralles, Presidente do Colexio Oficial de

Graduados Sociais de Castelló e actúa como presentadora D.^a M.^a Isabel González Benítez, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Huelva.

Finalizada a xornada de mañá e tras un merecido descanso, retómase a sesión vespertina, coa mesa Redonda “Cara a onde imos? Futuro e presente dos Colexios Profesionais” na que participaron D. Juan Fernández Henares, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Málaga e Melilla, D. José Ramón Dámaso Artilles, Vogal da Comisión Permanente do CGCOGSE e Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Gran Canaria e Forteventura, D. Francisco Javier Ceballos Frade, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Cáceres e D. David Oroz Alquezar, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Aragón, foi o presentador D. Ángel Santiago Castela Curral, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Salamanca.

Xa para finalizar, D.^a Patricia Praza Martín, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Cidade Real dá paso a D. Pedro José González- Trevijano Sánchez, Maxistrado do Tribunal Constitucional para que expoña a súa conferencia maxistral: “O Dereito do Traballo na Constitución Española”, coa que se finalizan as exposicións e clausúrase o acto coas intervencións de D. Rafael Catalá Polo, Ministro de Xustiza, D. Javier San Martín Rodríguez, Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España e D.^a M.^a Antonia Cruz Izquierdo, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Madrid.

Antes da viaxe de regreso, os representantes dos Colexios de Graduados da Comunidade Galega (A Coruña e Ourense, Lugo e Pontevedra), pousaron nunha fotografía de confraternidade, para inmortalizar o seu paso por un dos eventos máis importante da profesión.

ACTO DE GRADACIÓN E ENTREGA IV EDICIÓN PREMIO JOSÉ M.^a BOTANA (A CORUÑA)



Na tarde do día 09 de xuño tivo lugar no Paraninfo da Universidade da Coruña, o Acto Académico de despedida da V Promoción do Grao en Relacións

Laborais e Recursos Humanos, sendo os padriños desta promoción D.^a Ana López- Cortón Facal e D. Demetrio Fernández López.

O acto, ao que acudiron máis dun centenar de asistentes entre

personalidades, profesores, alumnos e acompañantes, foi presentado e dirixido por D. Jesús Vázquez Forno, Decano da Escola de Relacións Laborais da Coruña, onde tamén participaron con senllos discursos, o profesor D. Benito Couceiro Naveira, D. Alberto Lema Suárez, Concelleira de Emprego e Economía Social do Concello da Coruña, D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta do Excmo. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, representantes dos alumnos, e os padriños da promoción.



Durante o acto, tamén se fixo entrega da IV Edición do Premio "José María Botana", polo expediente máis destacado, á alumna D.^a Reyes Solleiro Fernández, e que foi entregado por D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta desta corporación.

ACTO DE GRADACIÓN E ENTREGA IV EDICIÓN PREMIO JAVIER MARAÑÓN (SANTIAGO)

Na tarde do día 10 de xuño tivo lugar no Hotel Oca Porta do Camiño de Santiago de Compostela, o Acto Académico de despedida da V



Promoción do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, sendo presentado por D. Roberto Javier López López, Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa, e contando ademais coas intervencións da Decana da Facultade de Relacións Laborais e Recursos Humanos de Santiago, D.^a Silvia Moscoso Ruibal, os profesores padriños da promoción, D.^a Yolanda Maneiro Vázquez e D. Carlos Javier Álvarez Fernández e dos representantes dos alumnos.

Durante o acto, tamén interveu D. Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 1.^º do Excmo. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, facendo entrega da IV Edición do Premio "Javier Marañón" ao alumno D. Yago Joaquín Castro Díaz, polo expediente máis destacado.

ACTO DE GRADACIÓN E ENTREGA IV EDICIÓN PREMIO CIPRIANO DOBARRO (FERROL)

O día 16 de xuño, tivo lugar no Salón de Actos da Vicerrectoría do Campus de Ferrol, os Actos Académicos de despedida de:

- * VII Promoción de Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos, sendo o padriño da promoción D. Ricardo Pedro Ron Latas.
- * VIII Promoción de Titulados do Máster en Xestión e Dirección Laboral, sendo o padriño da promoción D. José M.^a Rolón Varela.
- * VI Promoción de Titulados do Máster en Prevención de Riscos Laborais e Riscos. Comúns, sendo a madriña da promoción D.^a M.^a Sonia Zaragoza Fernández.

En total, máis dun centenar de alumnos, que puideron recoller os seus diplomas acreditativos, da man das autoridades alí presentes: D.



Carlos Aymerich Cano, Secretario Xeral da Universidade da Coruña, D. Jesús Basterrechea López, Concelleiro de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas do Concello de Ferrol, D. José Luis López Fernández, Decano da Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol, D.^a M.^a do Pilar Millor Arias, Presidenta da Asociación de Graduados Sociais de Ferrol e D. Roberto Barros López, Vocal Exercente da Xunta de Goberno do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

Posteriormente, fíxose entrega da IV edición do premio "Cipriano Dobarro" á alumna D.^a Andrea Vieites Estraviz, polo expediente máis destacado.

CLAUSURA "I PROMOCIÓN DO MÁSTER PRÁCTICO EN XURISDICCION SOCIAL"

O venres 16 de xuño, tivo lugar no Hotel Attica 21 da Coruña, a Gradación do Alumnado da "I Promoción do Máster Práctico en Xurisdición Social".

O acto, ao que acudiron profesores, alumnos e acompañantes, foi presentado por D.^a Angélica Díaz de la Rosa (Directora do Máster), onde tamén participaron con senllos discursos aos alí presentes: D. Felipe Martínez Raamonde (Coordinador



do Máster), D. José Carlos Bouza Fernández (Padriño da Promoción, e Relatora do Máster) e D.ª Susana Soneira Lema (Presidenta deste Colexio Profesional, Co-directora e relator

do Máster).

Antes de clausúraa do acto, D. Jesús Vázquez Forno (Director da ERLAC), faría entrega dos diplomas aos estudantes desta "I Promoción do Máster Práctico en Xurisdición Social".

XULLO

REUNIÓN DE FACULTADES, ESCOLAS, COLEXIOS DE GS GALICIA E ORIENTADORES LABORAIS

O pasado día 4 de xullo, na Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, reuníronse para discernir sobre a situación da Orientación Laboral nas oficinas públicas do SEPE e a necesidade de profesionalizar o perfil de Orientador Laboral, as seguintes personalidades:



Asistentes:

- * D.ª Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.
- * D. Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo.
- * D. Raúl Gómez Villaverde, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra.
- * D. Jesús Vázquez Forno, Director da Escola de Relacións Laborais da Coruña.
- * D. José Luis López Rodríguez, Decano da Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol.
- * D.ª Mercedes Montes Rodríguez, Directora da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo.
- * D.ª Silvia Paz Fernández, Presidenta de Asociación de Técnicos de Orientación Laboral do Inem.

Debido aos cambios na Xunta de Galicia, considérase de vital importancia que para a confección das listas, cingáanse a aquelas titulacións cuxas competencias son máis afíns para o desempeño dos devanditos postos de traballo e non que estas sexan abertas a calquera titulación.

Ante o exposto solicitouse unha reunión cos responsables da Consellería de Economía e Industria, para exporlles toda a problemática existente e así retomar novamente este asunto, que xa no seu momento expuxéraselle á extinta Consellería de Traballo.

Finalmente acordouse designar como representante dos Centros Universitarios e dos Colexios Profesionais a D.ª Mercedes Montes e a D.ª Susana Soneira, respectivamente, para que acompañen a D.ª Silvia Pazo á reunión coa Consellería para dar traslado do tratado.

Obxectivos e cuestións principais a tratar na próxima reunión:

- * Crear posto e titulación necesaria para acceder ao posto (dentro da RPT).
- * Crear corpo facultativo categoría Orientador Laboral.
- * Titulación necesaria: Grao en Relacións Laborais e colexiación (colexio profesional de Graduados Sociais).
- * Necesidade de convocar a oposición de Técnico en Orientación Laboral do SEPE.

Formación:

- * Competencias do título.
- * Necesidade de crear un Máster de especialización de Técnicos en Orientación Laboral.

REUNIÓN DE TRABALLO CON GLOBAL FINANZ

A teor da póliza de Responsabilidade Civil ofertada pola compañía Global Finanz, a Presidenta do Colexio, D.ª Susana Soneira mantivo unha reunión, o pasado día 14 de xullo, con D. José Torregrosa, socio da compañía e con Mar Lorenzo, Asesora da mesma, para comentar as condicións da póliza e mellorar as súas prestacións.



SETEMBRO

REUNIÓN COA DIRECTORA XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN XEOGRÁFICA



No día de onte, 3 de agosto, a Presidenta do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, D.^a Susana Soneira Lema, acompañada

do Vogal Exercente D. Cándido Sanisidro López, e os Presidentes dos Colexios de Lugo e Pontevedra, D. Manuel Núñez Carreira e D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, mantiveron unha reunión de traballo con D.^a M.^a Amparo González Méndez, Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Xeográfica da Consellería de Política Social.

O encontro virou ao redor da posibilidade de que os Graduados Sociais sexan habilitados para o acceso á actividade de Mediador.

"XORNADAS DE ACOLLIDA 17-18" DA ESCOLA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA



Despois do período estival, a Escola de Relacións Laborais retomou a súa actividade lectiva, coa celebración das xa tradicionais

"Xornadas de Acollida", que este ano 2017 transcorreron durante os días 11 e a mañá do 12 de setembro.

Na quenda de tarde do luns 11 de setembro, D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta desta Corporación, atendendo á invitación do Director da Escola, D. Jesús Vázquez Forno, asistiu ao acto de presentación dos alumnos de 3.^o e 4.^o Curso, onde na súa intervención resaltou a representación institucional e beneficios que achega o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, aos alumnos recentemente graduados, para concluír cun repaso ás saídas profesionais que ofrece a titulación.

Posteriormente, celebrouse unha charla sobre "iniciación ao coaching", e o seu impacto no ámbito empresarial.

OUTUBRO

REUNIÓN ENTRE UXT E O CONSELLO XERAL PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS LABORAIS

O 10 de outubro, na sede madrileña da Unión Xeral de Traballadores (UXT), tivo lugar unha reunión entre este importante sindicato e o Consello Xeral de Graduados Sociais de España, con motivo da firma dun convenio de colaboración para a realización de prácticas laborais no departamento xurídico de UXT, en beneficio de estudantes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.



O sindicato estivo representado por, D. Pepe María Álvarez, Secretario Xeral, D.^a Cristina Antoñanzas, Vicesecretaria Xeral e por D. Gonzalo Piñeiro, Secretario de Política Sindical.

Por parte do Consello Xeral asistiron, D. Javier San Martín, Presidente do Consello Xeral, D. Alfonso Hernández Quereda, Vogal da Comisión Permanente, D. Ángel Castela, Presidente do Colexio de Salamanca e D.^a Susana Soneira, Presidenta do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

O noso Consello Xeral, traballará nun modelo de convenio que será enviado proximamente ao sindicato para a súa valoración, acordo que tamén se quere facer extensible a CC. OO.

ALMORZO DE TRABALLO "A FISCALIDADE DO SEGURO SAÚDE NA RETRIBUCIÓN FLEXIBLE"

Na mañá do 26 de outubro e no Hotel Attica desta cidade, a Fundación Inade desenvolvemento uno dos seus habituais almozos de traballo, esta vez sobre "A fiscalidade do seguro de saúde na retribución flexible en Galicia".

Atendendo á petición da Fundación, na que solicitaban a colaboración do Colexio para presentar a xornada, acudiu na nosa representación D. Jesús Vázquez Conde, Vicesecretario desta corporación, que despois de dar a benvinda aos números invitados, aproveitou para facer un breve repaso pola historia do Colexio e destacar as principais funcións profesionais que desempeñan os Graduados Sociais ante a sociedade.

Posteriormente, cedería a palabra ao relator da xornada D. José María Soriano Bañón, Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Complutense de Madrid, na especialidade de Auditoría e Director Financeiro e de Recursos Humanos de Asefa Seguros, que ao longo da súa intervención explicou as vantaxes fiscais do seguro de saúde, destacando que se trata dunha ferramenta moi útil que incrementa a retribución neta dos traballadores, sen que iso supoña custo algún para o empresario.



NOVEMBRO

ENTREGA PREMIOS QUINCENA CULTURAL 2017 (CASA DE LEÓN)



El pasado día 26 O pasado día 26 de novembro, ti-vo lugar a entrega dos Premios Quincena Cultural 2017, Acto organizado pola Casa de León da Coruña e que contou coa pre-

senza de autoridades e personalidades do ámbito social, onde se lle fixo entrega dunha mención especial á nosa compañeira, Vocal Exercente da Xunta de Goberno do Colexio de Pontevedra, D.^a Remedios Sánchez Copa, polo seu traballo de divulgación de antropoloxía cultural galaico leonesa coa obra “Esfolla ao filandón cun chisco de Sal”, a cal estivo acompañada pola Presidenta do Colexio, D.^a Susana Soneira Lema e D. Ricardo García Mira, Deputado do Congreso polo PSOE.

A entrega foi a cargo de D. Avelino Abaixo Ares, presidente da Casa de León na Coruña e D. José Manuel García Pérez, portavoz do Grupo Socialista na Coruña.

DECEMBRO

ACTOS INSTITUCIONAIS DO COLEXIO DE GRADUADOS SOCIAIS DE PONTEVEDRA

O pasado día 1 de decembro, o Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, celebrou os seus Actos Institucionais con Xúra ou Promesa de colexiados e colexiadas e a posterior Cea de Confraternidade.

Ao acto acudiron en representación desta Corporación, a Presidenta, D.^a Susana Soneira Lema, o Vicepresidente, D. Alejandro Pérez Otero e D. Jesús Vázquez Conde, Vocal, que acompañaron ao Presidente do Colexio de Pontevedra, D. Raúl Gómez Villaverde no transcurso dos Actos.



Ás 19:30 horas, celebrábase na Audiencia Provincial de Pontevedra, xúraa ou promesa de colexiados, sendo padriño desta promoción, D. Fernando Cabezas Lefler, Maxistrado da Sala do social n.º 3 dos Xulgados de Pontevedra. Presidía o acto o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, D. Miguel Ángel Cadenas Sobreira.

A continuación procedeuse á entrega de distincións en recoñecemento aos 25 anos de colegiación, e das coderas de bronce, prata e ouro en recoñecemento aos tres mellores expedientes académicos.

Xa entrada a noite celebrouse a Cea de confraternidade no Liceo Casino de Pontevedra.

REUNIÓN PADROADO REITOR FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA RRLL

O pasado día 14 de decembro, celebrouse a reunión do Padroado da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Xullo Portela Ceballos da Coruña, con motivo do nomeamento de D. Carlos Domenech de Aspe, Ex Director Territorial da Inspección de Traballo como novo Presidente dese padroado, e de D. Demetrio Fernández López, actual Director Territorial da Inspección de Traballo de Galicia como Vicepresidente.



Ao acto asistiron, entre outros, a Presidenta desta Corporación, D.^a Susana Soneira Lema, D. Jesús Vázquez Forno, Director da Fundación E.U. de Relacións Laborais, D. Germán Prieto-Puga Somoza, Director do Observatorio da Profesión do Consello Xeral de Graduados Sociais, así como así como representantes da Universidade, Deputación e Concello coruñés, entre outros.

3.3 XURA OU PROMESA DE COLEXIADOS



O día 10 de novembro celebráronse os actos de Xura ou promesa de colexiados así como a posterior Cea de Confraternidade.

Ás 18:00 horas na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, comezou o acto de Xura dos colexiados incorporados recentemente.



O Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Cadenas Sobreira, declara aberto o acto e concede a palabra ao Excmo. Sr. D. Francisco Javier San Martín Rodríguez, Presidente do Consello Xeral que dedica unhas palabras de benvinda a todos os asistentes; a continuación toma a palabra a Ilma. Sra. D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta desta Corporación que comeza cos chamamentos aos colexiados que xuran e aos seus respectivos padriños.



D. Ángel Vázquez Rodríguez
apadriñou aos seguintes colexiados:

* D. Manuel Mariñas Castro

* D. José María Losada López

* D.^a M.^a José Neira Souto

* D. José Antonio Presedo Miranda

* D.^a Noelia Tomé Pardo



D. Germán Prieto-Puga Somoza
apadriñou aos seguintes colexiados:

* D. José Manuel Loureiro Cotelo

* D.^a Irene M.^a Rodríguez Arán

* D.^a M.^a Carmen Salgado Temes

* D. Francisco de Borja García Seisdedos

* D. David López-Riobóo Ansorena



D. Manuel Núñez Carreira,
Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Lugo,
foi o padriño dos seguintes colexiados:

- * D.^a Aurora Arijón García
- * D.^a M.^a Luisa Espiñeira Fandiño
- * D. Miguel Angel Domínguez Losada
- * D.^a Ana M.^a Arias Prado



D. Raúl Gómez Villaverde,
Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra,
apadriñou aos seguintes colexiados:

- * D. Juan Martínez García
- * D.^a Jesusa Liste Ferreiro
- * D. José Carlos Bouza Fernández
- * D. Marcos Antonio Gato Mosquera

Intervén a Presidenta, nese momento co discurso de despedida, e a continuación o Presidente do Consello Xeral. Clausura o acto o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



3.4 CEA DE CONFRATERNIDADE



D. José Carlos Bouza Fernández



D. Marcos Antonio Gato Mosquera



D. Diego Lestón Roibás



D. Juan Martínez García

Posteriormente,
trasladámonos todos
ao Hotel Finisterre, onde se celebrou
a tradicional Cea de Confraternidade;
Comezan os actos,
coa entrega das insignias profesionais
aos novos colexiados, segundo acordo
da Xunta de Goberno do 30 de maio de 2017,
sendo galardoados os seguintes



D. José Manuel Loureiro Cotelos



D. José Antonio Presedo Miranda



Dª Mª José Neira Souto



Dª Noelia Tomé Martínez



D. Francisco Luís Caamaño Rama

Posteriormente,
faise entrega das distincións
aos Graduados Sociais
con máis de 25 anos de colexiación,
que este ano como novidade,
consistiu nunha figura conmemorativa.
Os agraciados foron



D. Eugenio A. Chinchilla Vázquez



D. Miguel Ángel Domínguez Losada



D.ª Encarnación Fuentes Ures



D. Manuel Mariñas Castro



D. Javier Mosquera Zas



D.ª María Luz Noya Ríos



D.ª Carmen Prego Candal



D. Canalejo Sanisidro López



D.ª Alejandra Teijo Temprano



D.ª Susana Soneira Lema

Entregan as distincións, D.ª Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio e D. Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 1.º, e dado que este ano, unha das galardoadas era D.ª Susana Soneira Lema, a nosa Presidenta, ela recibíuna de mans do Presidente do Consello Xeral, procedendo a continuación a agradecer a asistencia a todos os colexiados, acompañantes e autoridades. Clausura o acto de entrega de distincións o xa mencionado Presidente do Consello Xeral, D. Francisco Javier San Martín Rodríguez.





Unha vez finalizado o ágape, e durante o servizo do café, gozamos dunha representación teatralizada do esconxuro da Queimada, que, sen dúbida, foi un dos momentos máis máxicos da velada.

Nun ambiente xa moi distendido, procedeuse ao sorteo dos obsequios doados polas distintas empresas colaboradoras, e deuse comezo a un animado baile amenizado por unha fantástica DJ.



EMPRESAS COLABORADORAS



3.5 NOVOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN

ABANCA e TERMARIA-CASA DEL AGUA



//ABANCA

Na mañá do día 24 de maio, asináronse nas instalacións colexiais, dous novos convenios de colaboración con Abanca e Termaria- Casa da auga.

A colaboración con Abanca consta de dúas ofertas especiais segundo o interese de cada un dos Colexiados; unha oferta para cubrir as necesidades profesionais dos despachos e outra para satisfacer as necesidades persoais e familiares de cada un dos nosos Graduados Sociais colexiados.

Asinan o convenio, a nosa Presidenta, D.^a Susana Soneira Lema e en representación de Abanca, D. Ángel Martínez Moar, Director de Zona de Abanca Corporación Bancaria S.A.



termARIA casa del agua

En canto ao acordo de colaboración con Termaria-Casa da auga, os nosos colexiados beneficiaranse de interesantes des-

contos nos numerosos servizos que ofrece este centro único de Talasoterapia de Galicia (entrada ao centro, masaxes, terapias de saúde, tratamentos de beleza e benestar, fisioterapia, etc.), onde contan cos últimos adiantos tecnolóxicos do sector.

Asina o convenio, D. Claudio Orjales Lamas, Director Xerente de Espazos Termolúdicos, S.A. e a nosa presidenta, D.^a Susana Soneira Lema.

BILKY e CONVERSIA



Bilky®

O 27 de setembro, asináronse na sede do Colexio, dous novos convenios de colaboración con Bilky Europe SL e con Conversia HFL Group.

A colaboración con **Bilky Europe SL**, permitirá aos colexiados beneficiarse de numerosas vantaxes nos servizos de envío seguro, legal e sinxelo de nóminas e documentos entre asesores, empresas e empregados baixo o cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos. Unha prestación deseñada para que os asesores teñan o seu propio portal desde o que dar asistencia a todas as súas empresas e empregados.

Asinan o convenio, a nosa Presidenta, D.^a Susana Soneira Lema e en representación de Bilky, D. Ignacio Hernández Sellart, Administrador Único de Bilky Europe SL.

En canto ao acordo de colaboración con **Conversia HFL Group**, os nosos colexiados beneficiaranse dos servizos de consultoría e asesoría, en temas relacionados coa Lei de Protección de Datos, Servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico ou Prevención de Branqueo de Capitais e Financiamento do Terrorismo. A compañía ademais ofrecerá ao Colexio unha xornada formativa sobre o novo Regulamento de Protección de Datos 2016/679 e remitirá aos colexiados un boletín periódico con contido relacionado con diferentes aspectos do ámbito normativo.



presenza de D. Francisco Artime Alonso e de D.^a Sonia Sánchez Sanjurjo, Apoderados do Banco Santander, e por parte do Colexio, D.^a Susana Soneira Lema e D. Celestino Vieites Sánchez, Presidenta e Xerente respectivamente.



Asina o convenio, D. César Muñiz Fabal, Xerente de Convenios de Conversia HFL Group e a nosa Presidenta, D.^a Susana Soneira Lema, que en ambas as firmas, estivo acompañada por varios membros da Xunta de Goberno:

- * D. Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 1.º do Colexio.
- * D. Manuel Vázquez Regueira, Secretario Xeral do Colexio.
- * D. Jesús Vázquez Conde, Vicesecretario Xeral do Colexio.
- * D. Cándido Sanisidro López, Vogal Exercente do Colexio.

BANCO SANTANDER



O venres día 17 de novembro, esta Corporación asinou un acordo de colaboración co Banco Santander, SA, co que se pretende facilitar aos colexiados o coñecemento, funcionalidades e vantaxes da oferta comercial “Santander Xustiza”.

A firma tivo lugar no Sala de Xuntas do Colexio, contando coa

4

INFORME DE SECRETARÍA

ENVÍOS DE CORRESPONDENCIA

Entradas	Saídas
1.137 entre cartas, escritos, documentos e correos electrónicos	6.884 entre cartas, circulares, informativos, etc.

Debido al predominio de las comunicaciones telemáticas y electrónicas, prácticamente todas nuestras comunicaciones se realizan a través de correo electrónico y de nuestra página web.

- ❑ Calendarios Laborais.
- ❑ Libros de Subcontratación.
- ❑ Venda de 23.620,00 euros en participacións de lotería de Nadal.
- ❑ Entrega de documentación informativa.
- ❑ Control e atención biblioteca.
- ❑ Preparación, informe e tramitación de expedientes de altas, baixas e variacións de colexiación.
- ❑ Edición Boletín Informativo. (Mensual en soporte papel para os colexiados sen correo electrónico e en soporte dixital para o resto de colexiados).
- ❑ Expedición de diplomas e certificados de asistencia a cursos.
- ❑ Redacción de memoria anual e actas de reunións.
- ❑ Actualización, diaria, da páxina web con toda la lexislación de intere para os colexiados.
- ❑ Asistencia administrativa aos cursos do Colexio.
- ❑ Visado de apoderamentos para REA.
- ❑ Visado de apoderamentos para TESOL.
- ❑ Dilixencia de libros de subcontratación.

REQUISITOS PARA DARSE DE ALTA NO COLEXIO

DOCUMENTACIÓN XERAL

- ① Solicitud dirixida ao Ilma. Sra. Presidenta do Colexio (impreso facilitado na secretaría do Colexio e na web).
- ② Fotocopia do título de Graduado Social, Graduado Social Diplomado, Diplomado en Relacións Laborais ou certificado da Escola Universitaria de Diplomados en Relacións Laborais, acreditativo de efectuar o depósito para a obtención dalgún dos títulos.
- ③ Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- ④ Dúas fotografías tamaño carné (chaqueta e gravata escura).
- ⑤ Domiciliación bancaria.
- ⑥ Comprobante do ingreso da correspondente cota de incorporación ao Colexio, na conta bancaria do Banesto (IBAN: ES23 0030 6231 1200 0100 9271).

NON EXERCENTES

Documentación xeral.

EXERCENTES DE EMPRESA OU ENTIDADE**1**

Documentación xeral.

2

Contrato de traballo, rexistrado pola oficina do INEM, coa categoría profesional de Graduado Social.

EXERCENTES LIBRES**1**

Documentación xeral.

2

Declaración xurada

de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición.

3

Xura ou promesa provisional de acatamento á Constitución, e ao resto do ordenamento xurídico, e de fiel cumprimento dos deberes da profesión de graduado social.

4

Comprobante do ingreso de 30,05 € na conta do Banco Santander, sito na Praza Manuel Gómez Moreno, nº 2 - 28020 Madrid (C.C.C. 0049-5138-13-2710117518) a disposición do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais.

4.1.- Se o exercente desexa actuar ademais como Habilitado das Entidades Xestoras da Seguridade Social, comprobante do depósito doutras 30,05 € co mesmo fin do anterior.

5

Posesión dunha Póliza de RC. A partir do día 1 de outubro de 2012, (e tras a aprobación realizada na Asemblea Xeral celebrada o 9 de xuño de 2012), estableceuse como requisito obrigatorio a contratación dunha póliza de RC e unhas garantías mínimas a esixir aos colexiados exercentes, que a continuación se detallan.

REQUISITOS MÍNIMOS DE PÓLIZA DE RC

➔ Capital asegurado mínimo de 1.000.000,00 €.

➔ Cobertura expresa para Responsabilidade Civil Profesional de todas as tarefas propias da profesión de Graduado Social e, en concreto, en áreas como asesor laboral, fiscal, contable e mediador.

➔ Se o Colexiado exerce a súa actividade a través dunha sociedade, cobertura das reclamacións de RC presentadas á sociedade.

Todas as fotocopias deberán ser compulsadas ou achegar os orixinais na secretaría do colexio.

Deberá entregar a documentación no Excmo. Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, rúa Monforte, 12 baixo - 15007 A Coruña.

Unha vez aprobada a súa solicitude de ingreso no Colexio, confeccionaráselle un carné profesional personalizado cuxo custo se cargará por recibo bancario.

COTAS VIXENTES DE INCORPORACION AO COLEXIO

MODALIDADE	COTA	CARNÉ DE COLEXIADO
EXERCENTES LIBRES	460,00 €	
EXERCENTES DE EMPRESA OU ENTIDADE	184,00 €	15 € + IVA
NON EXERCENTES	46,00 €	5 € + IVA

COTAS MENSUAIS

EXERCENTES LIBRES	34,92 €
EXERCENTES DE EMPRESA OU ENTIDADE	20,08 €
NON EXERCENTES	10,04 €

5

INFORME DE COMISIONS

5.1 INFORME DE TESOURERÍA

Co fin de cumprir coa lexislación vixente, emítese informe de tesourería, nos diferentes aspectos de funcionamento deste colectivo, e que teñan incidencia directamente coa situación económica, dividindo este informe en tres apartados: Ingresos (Ingresos Xerais por cotas, por xestións e vendas de produtos, e por cursos realizados), Gastos xerais e Resumo comparativo co exercicio anterior.

A.1.- Ingresos por Cotas

Este Colexio Oficial agrupa, ao 31 de Decembro de 2017, a un colectivo composto por un total de 817 Graduados Sociais, coa seguinte desagregación:

	N.º colexiados a 01/01/2017	N.º colexiados a 31/12/2017	Cotas mensuais
Exercentes Libres	345	351	34,92 €
Exercentes de Empresa	49	42	20,08 €
Non Exercentes	374	365	10,04 €
Eméritos	52	59	0,0 €

Debemos destacar que, aínda que o número de colexiados está estabilizado, as cotas recadadas han suposto un aumento debido ao incremento das mesmas aprobada na última Asemblea Xeral Anual Ordinaria.

O TOTAL
DE COTAS XERADAS
AO LONGO DO ANO 2017,
FOI O SEGUINTE

Total cotas Exercentes Libres: 150.682,84 €

Total cotas Exercentes de Empresa: 10.724,25 €

Total cotas Non Exercentes : 46.163,72 €

Total xeral de ingresos contables por cotas colexiais:
207.570,81 €

A.2.- Ingresos por Xestións de Ventas e Productos

O Colexio, como xa vén sendo habitual, ten unha serie de servizos dirixidos exclusivamente aos colexiados así como artigos para a venda que poden, neste caso, ser adquiridos tamén por empresas.

PREZOS SEN I.V.E. (21%)	EXERCENTES	OUTROS	XESTIÓNS/VENTAS REALIZADAS SEN I.V.E.
Calendarios Laborais 2017	0,75 €	2,00 €	2.133,50 €
Calendarios Laborais 2018	0,75 €	2,00 €	3.019,50 €
Libros de Subcontratación	2,50 €	3,50 €	534,50 €
Libros de Subcontratación (Dilixencias)	10,85 €	-----	130,20 €
Selo de Verificación	25,50 €	-----	204,00 €
Selo profesional	27,00 €	-----	135,00 €
Apoderamento REA	16,50 €	-----	577,50 €
Carnets profesionais	15,00 €	5,00 €	490,00 €
Placa profesional	35,50 €	-----	568,00 €
Insignias	15,00 €	-----	30,00 €

Estas vendas supuxeron uns ingresos totais de 7.822,20 , o que supón unha diminución dun 4,92 %con relación ao exercicio anterior.

A.3.- Ingresos por Cursos Realizados

Durante o ano 2017 realizáronse un total de 16 Cursos, obtendo uns ingresos totais de 9.502,00 €, mentres que os gastos xerados foron de 2.708,89 € o que supón un beneficio para as arcas colexiais de 6.793,11 €

Total de ingresos da explotación: Todos estes ingresos relacionados anteriormente, sumados co resto de ingresos obtidos polo desenvolvemento da actividade colexial, ascende a 232.934,76 €

B.1.- Gastos Xerais

No apartado de gastos xerais, o máis importante corresponde aos gastos de persoal, por un total de 88.314,02 €, o que supón un 48,82% sobre o total, seguido das cotas abonadas ao Consello Xeral, por un total abonado de 26.644,73 €, o que supón un 12,62%, e os gastos en publicidade e relacións públicas por un total anual de 21.763,16 € que supón un 10,31%.

Todos estes gastos relacionados anteriormente, sumados co resto dos gastos correspondentes ao desenvolvemento da actividade colexial, ascende a 211.170,60 €, obtendo por tanto un beneficio contable de 21.764,26 €.

ORZAMENTO ANO 2018 En canto ao orzamento para o ano 2018, procedeuse a axustar as partidas de ingresos e gastos en función dos resultados obtidos no exercicio 2017, a fin de tentar reducir os gastos o máximo posible e manter os ingresos obtidos.

5.2 COMISIÓN ÉTICA E HONORARIOS

EXPEDIENTE DE DENUNCIAS OU RECLAMACIÓNS PRESENTADAS ANTE O COLEXIO DURANTE O ANO 2017.

Para dar cumprimento ao establecido nos nosos Estatutos colexiais no seu artigo 96 nos seus apartados c) e d) informamos de que non houbo ningún expediente sancionador tramitado no 2017.

En canto a Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, comentar que se realizaron tres reclamacións, que se saldaron con dúas delas solucionadas por parte do colexiado e outra que se atopa pendente de resolución.

6

**CURSOS E
CONFERENCIAS**

Un ano máis, o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, confeccionou un abanico de cursos e conferencias adecuados ás peticións e suxestións dos colexiados. Devanditos cursos tentaron abarcar tanto os temas de actualidade laboral como aqueles temas que nos eran demandados polos nosos colexiados, tentando con iso ofrecer a estes e aos empregados de despachos unha formación continua e actualizada, ademais, a gran maioría dos cursos poden ser seguidos por streaming, grazas á retransmisión Online das conferencias, consolidándose como unha alternativa de formación, para os colexiados máis afastados da sede do Colexio.

Estes foron os cursos desenvolvidos durante este ano 2017.

**CUESTIÓNS CONTABLES E FISCAIS DO PECHE DO
EXERCICIO DAS SOCIEDADES**

O pasado día 15 de febreiro inaugurouse a actividade formativa deste ano 2017, coa celebración dunha xornada sobre as cuestións contables e fiscais do Pecho do Exercicio económico das Sociedades.



A exposición foi presentada por D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta desta Corporación e por D. José M.^a Santiago García, Responsable da Escola de Práctica Laboral e desenvolvida por D. Manuel Dosío López, Profesor de Facenda Pública na Facultade de Económicas da Coruña. Licenciado en Dereito con premio extraordinario pola Universidade Complutense de Madrid. Inspector de Facenda (en excedencia) e Interven-

